

Introdución

O estudo da materia de Historia do Mundo Contemporáneo é esencial para comprender e coñecer o mundo actual, para así poder comprender a situación política, social e económica existente nos nosos días. O mundo actual é resultado de procesos de diversa índole, polo que é necesario que o alumnado coñeza en profundidade os acontecementos máis salientables das últimas dúas centurias para explicar procesos complexos como: o asentamento do liberalismo como sistema político (actual democracia), a xeopolítica internacional como froito dunha serie de conflitos que teñen diversas causalidades.

Do período decimonónico é moi importante que o alumnado comprenda os procesos revolucionarios de índole liberal orixinados tralas revolucións atlánticas, a transformación económica que supuxo a revolución industrial ou crecemento acelerado que continúa ata os nosos días, o auxe dos nacionalismos como resultado da corrente romántica que ten o seu eco na nosa propia historia de España, a segunda ondada colonizadora de mediados da centuria que trae como consecuencia a exploración de territorios coma África e Asia, o papel dos grandes imperios como controladores da política diplomática europea, as políticas de alianzas internacionais que conformaron as relacións internacionais (paz armada) previas á primeira guerra mundial, o xurdimento de novas potencias como alternativa á preponderancia da vella Europa (como son o caso de EEUU ou Xapón). Por outra banda é de especial importancia que o alumnado coñeza os movementos sociais orixinados durante a centuria (movemento obreiro), a aparición de novas ideoloxías que crearon novas formas de concibir o mundo e as interrelacións socioeconómicas (socialismo utópico ou socialismo científico, entre outras), o proceso de cambio demográfico derivado dunha serie de mellores nas condicións de vida ou o crecente proceso de urbanización do planeta.

Do século XX é moi importante que o alumnado comprenda as relacións diplomáticas europeas dos anos 1900-1910 agudizados mediante diversos enfrontamentos que teñen coma resultado o estalido da Primeira Guerra Mundial, comprender a complexidade do proceso revolucionario de Rusia que marca as relacións internacionais durante toda a centuria, dimensionar a importancia das relacións internacionais do período de entreguerras, analizar a presenza de tres sistemas políticos en confronto (democracia, socialismo e totalitarismo), comprender a prosperidade económica da época e coñecer as claves da súa

creba relacionándoas coa casuística de crise actual, analizar os movementos totalitarios europeos e internacionais do primeiro terzo de século, coñecer os antecedentes do segundo conflito bélico internacional e as súas consecuencias, vertebrar o proceso de descolonización co xurdimento de novos estados en África, Asia ou en menor medida en América Latina. Comprender todas as relacións internacionais derivadas da ruptura en bloques das relacións internacionais da Guerra Fría, as relacións internacionais dende os anos 80, a incidencia do neoliberalismo nas relacións socioeconómicas internacionais, o proceso de globalización e o establecemento do estado do benestar como novos marcos de interrelacións humanas ou coñecer os procesos bélicos orixinados nas dúas últimas décadas que teñen como punto de partida o conflito occidente-oriente e que tanto está afectando ás relacións entre os diferentes estados.

Pero, igualmente importante é a necesidade de ter unhas bases ou instrumentos formativos como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión, o sentido crítico que nos proporciona a historia contemporánea e a partir dos cales poderemos entender mellor a realidade que nos rodea e ser máis consciente da nosa responsabilidade no que acontece e acontecerá.

A actualidade non é un proceso inacabado, senón en continuo cambio, cun pasado e cun futuro no que o alumnado do IES Xermán Ancochea debe proxectar os coñecementos adquiridos. Non só para comprender a incidencia de estes acontecementos na historia de España ou máis especificamente na galega.

Ao aveiro da Lei Orgánica da Calidade Educativa como lei marco de rango superior, artículanse outras disposicións legais que regulan diferentes aspectos da ensinanza. O currículo de bacharelato está establecido no Decreto 86/2015 que establece unha serie de competencias, contidos que o alumnado debe adquirir neste etapa educativa. Polo que é importante definir os conceptos que traballaremos no proceso de ensinanza-aprendizaxe co alumnado.

- **Obxectivos:** referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe.
- **Competencias:** capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- **Contidos:** conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que con-

tribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos, en función das ensinanzas, das etapas educativas ou dos programas en que participe o alumnado.

- ***Criterios de avaliación***: referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.
- ***Estándares de aprendizaxe avaliáveis***: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- ***Metodoloxía didáctica***: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados

Obxectivos.

Artigo 26 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a responsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afanzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fuidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida (de Artes).
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afanzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afanzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afanzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Competencias Clave.

As competencias clave no Sistema Educativo Español, son as destrezas básicas que o alumnado debe adquirir no seu proceso de formación dentro da etapa específica de formación que esté a cursar e que son as seguintes:

(contempladas na *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro do BOE anexo I*)

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.

- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais.

Nos contidos tratados na Historia do Mundo Contemporáneo as competencias clave sociais e cívicas (CSC), e as de conciencia e expresións culturais (CCEC) recibirán un tratamento moi específico nos diferentes bloques temáticos. En canto á competencia lingüística (CCL) sinalar que o alumnado de 1º de bacharelato debe ter a capacidade de comentar diferentes textos procedentes de fontes primarias e secundarias e ser capaz de desenvolver os coñecementos adquiridos e relacionalos entre si. Por outra banda débese utilizar a web e os recursos de historia, incluso recorrendo a contidos que son moi numerosos en torno aos diferentes temas da materia, de este modo o alumnado adquire unha competencia dixital (CD) que lle permitirá tomar contacto con todos os materiais que existen na web. Outra competencia que ten unha certa transversalidade é a de aprender a aprender (CAA), que en certo modo está moi unida á competencia dixital debido a que un alumno debe capacitarse para investigar por si mesmo calquer tema correspondente ao mundo contemporáneo. A competencia matemática en ciencias e tecnoloxía (CMCCT) tratarase de xeito puntual na análise de gráficas, . A competencia clave de sentido de iniciativa e espírito emprendedor(CSIEE) estará moi presente nas vertentes máis actitudinais e competenciais da materia, como os recollidos no Bloque 10. *O mundo actual desde unha perspectiva histórica* no que se tratarán temas relacionados coa *Globalización e medios de comunicación*.

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

1º, 2º, 3º trimestres

Bloque 11. A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas

propias da disciplina.

- Tempo histórico. (Obxectivos h, l, m).
- Fontes históricas. (Obxectivos e, g, h, l, m, i).
- Vocabulario histórico e artístico da Idade Contemporánea. (Obxectivos e, h, i, n).

1º TRIMESTRE

Bloque 1. O Antigo Réxime

- Trazos do Antigo Réxime. (Obxectivos a, b, c, d, e, h)
- Transformacións no Antigo Réxime: economía, poboación e sociedade. (Obxectivos a, b, c, d, e, g, h).
- Revolucións e parlamentarismo en Inglaterra: as bases políticas do Liberalismo. (Obxectivos a, b, c, d, e, g, h)
- O pensamento da Ilustración: cambios políticos e económicos. (Obxectivos a, b, c, d, e, h)
- Relacións internacionais: equilibrio europeo. (Obxectivos a, b, c, d, e, g, h)
- Manifestacións artísticas do momento. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m, n)

Bloque 2. As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais

- - Revolución industrial (crecemento acelerado): concepto, factores/causas que a fan posible (económicos, sociais e ideolóxicos). (Obxectivos a, b, c, d, e, h, l).
- - Revolución ou revolucións industriais: (Obxectivos a, b, c, d, e, h, l)
- Características e fases: Primeira fase da Revolución industrial (1750- 1830) e segunda fase (1830-1890)
- Transformacións técnicas e novas fontes de enerxía. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, l)
- o protagonismo de Gran Bretaña e extensión Industrialización extraeuropea.
- A Industrialización española e galega. (Obxectivos a, b, c, d, e, g, h, m, p)
- Os Cambios debidos á Revolución Industrial: transportes, agricultura, poboación (migracións e novo concepto de cidade). (Obxectivos a, b, c, d, e, g, h, l)
- -A Economía industrial: pensamento e primeiras crises. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m)
- -O Nacemento do proletariado e organización da clase obreira: orixes do sindicalismo e correntes de pensamento; partidos políticos obreiros. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m)
- A nova sociedade de clases: a hexemonía da burguesía e o proletariado.
- Os Problemas sociais da industrialización.

- As ideoloxías do movemento obreiro: sindicalismo, socialismo e anarquismo.
- A Primeira e a Segunda Internacional.
- O movemento obreiro en Galicia (xeral).

Bloque 3. A crise do Antigo Réxime

- - A Crise do Antigo Réxime: visión global. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, i)
- - O Nacemento dos EEUU. (Obxectivos a, b, c, d, e, h)
- - A Revolución Francesa de 1789: aspectos políticos e sociais. (Obxectivos a, b, c, d, e, h)
- - Imperio Napoleónico. (Obxectivos a, b, c, d, e, g, h)
- - O Congreso de Viena e Absolutismo. (Obxectivos a, b, c, d, e, h)
- - Revolucións liberais ou burguesas de 1820, 1830 e 1848. O caso español. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, p).
- - O Nacionalismo: unificacións de Italia e Alemaña. (Obxectivos a, b, c, d, e, g, h).
- - Cultura e Arte: Europa entre neoclasicismo e o romanticismo. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m, n).
- - A Independencia das colonias hispano-americanas (Obxectivos a, b, c, d, e, h)

Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial

- -O tránsito do século XIX ao XX: visión global. (Obxectivos a, b).
- - A evolución dos principais Estados en Europa, América e Asia: (obxectivos a, b, c, d, e, h).
- A Inglaterra vitoriana; Francia (III República e II Imperio); Alemaña bismarckiana;
- O Imperio Austrohúngaro; Rusia.
- Os Estados Unidos (da Guerra Civil mezos do século XX)
- Xapón (transformacións de finais do século XIX).
-

2º Trimestre

Bloque 4. A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial

- - A Expansión colonial dos países industriais: causas; colonización e reparto de Asia, África e outros enclaves coloniais; consecuencias. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).

- - As Relacións internacionais. Paz Armada: a Tripla Alianza e a Tripla Entente. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- -A I Guerra Mundial: causas, desenvolvemento e consecuencias. (Obxectivos a, b, c, d, e, g, h).

Bloque 5. O período de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias

- - Economía, sociedade e cultura da época: os anos vinte. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - A Revolución Rusa; formación e desenvolvemento da URSS. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- -Os Tratados de Paz e reaxuste internacional: Sociedade de Nacións. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Os Estados Unidos e a crise de 1929: a Gran Depresión e o "New Deal". (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Os Fascismos europeos e nazismo alemán. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m).
- - Relacións internacionais do período de entreguerras; viraxes cara á guerra. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - II Guerra Mundial: orixes do conflito e características xerais. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Desenvolvemento da II Guerra Mundial. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Consecuencias da II Guerra Mundial. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Antisemitismo: o Holocausto. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m).
- - Preparación da Paz e a ONU. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).

3º trimestre

Bloque 6. Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos

- - Formación do bloque comunista fronte ao bloque capitalista. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Evolución das relacións entre as dúas superpotencias. Conflitos: da Guerra Fría á coexistencia pacífica e a distensión. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Evolución da economía mundial de posguerra. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).

- - Características sociais e culturais de dous modelos políticos diferentes: comunismo e capitalismo. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).

Bloque 7. A descolonización e o terceiro mundo

- - Orixe, causas e factores da descolonización. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Etapas e modelos de descolonización. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Desenvolvemento do proceso descolonizador: papel da ONU. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - O terceiro mundo e o Movemento de Países Non Aliñados: problemas dos países do terceiro mundo. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m).
- - Relacións entre os países desenvolvidos e non desenvolvidos; nacemento da axuda internacional. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).

Bloque 8. A crise do bloque comunista

- - A URSS e as democracias populares. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, i).
- - Irrupción de M. Gorbachov: Perestroika e Glasnost. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Desintegración da URSS: CEI-Federación Rusa e as novas repúblicas exsoviéticas. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Caída do muro de Berlín e evolución dos países de Europa central e oriental. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Problema dos Balcáns. Guerra de Iugoslavia. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).

Bloque 9. O mundo capitalista na segunda metade do século XX

- - Pensamento e cultura da sociedade capitalista na segunda metade do século XX. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m).
- - Estado do benestar. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m).
- - Proceso de construción da Unión Europea: das Comunidades Europeas á Unión. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Obxectivos e institucións da Unión Europea. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Evolución dos Estados Unidos: dos anos 60 aos 90. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Xapón e os novos países asiáticos industrializados. (Obxectivos a, b, c, d, e, h)

Bloque 10. O mundo actual desde unha perspectiva histórica

- - Globalización e medios de comunicación: impacto científico e tecnolóxico. Caída do muro de Berlín. Atentados de Nova York. A inmigración como fenómeno globalizado. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m).
- - A ameaza terrorista nun mundo globalizado. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m).
- - Europa: reto e unión. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).
- - Trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI, tras os atentados do 11 de setembro de 2001. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m, n).
- - Hispanoamérica: situación actual. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, n).
- - O mundo islámico na actualidade. (Obxectivos a, b, c, d, e, h, m).
- - A India e China do século XX ao XXI: evolución política, económica, social e de mentalidades. (Obxectivos a, b, c, d, e, h).

Contidos Mínimos

Tendo en conta que os contidos anteriormente expostos pertencen a unha materia dun nivel de ensinanza non obrigatorio, os contidos mínimos serán os mesmos. Non obstante, tamén nesta etapa cabe establecer un certo grao de flexibilidade e adaptación á diversidade existente no alumnado, tendo en conta as capacidades do mesmo á hora de avaliar os coñecementos e traballos realizados.

Ademáis os contidos procuraranse organizar dunha maneira clara e estruturada, de modo que sexa posible a súa lectura e aprendizaxe a distintos niveis de profundidade.

5. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliáveis. Temporalización

1º, 2º e 3º trimestres

a. Recoñecer que os acontecementos e procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía). *Recoñece que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).* (Competencias clave CSC, CMCCT, CAA).

b. Localizar e seleccionar información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e (biblioteca, internet, etc.), e analizar a súa credibilidade. *Localiza e selecciona información escrita e gráfica salientable utilizando fontes primarias e secundarias, e analiza a súa credibilidade.* (Competencias clave CD, CAA, CCL).

c. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. (Competencias clave CSC, CCL). *Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.*

1º trimestre

a. *Definir e esquematizar os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais, utilizando diferentes tipos de diagramas. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao Antigo Réxime. (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CD).*

Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos de gráficos, económicos, políticos, sociais e culturais. (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CCEC).

- *- Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime (Competencias clave CSC, CAA, CCL).*

b. *Distinguir as transformacións no Antigo Réxime e enumerar as que afectan a economía, a poboación e a sociedade. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan a economía, a poboación e a sociedade. (Competencias clave CSC, CAA, CCL). Analizar a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII. (Competencias clave CSC, CAA, CCL).*

c. *Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas. (Competencias clave CSC, CCEC, CCL). Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime. (Competencias clave CSC, CCEC, CCL).*

d. *Relacionar as ideas da Ilustración co Liberalismo de comezo século XIX, establecendo elementos de coincidencia entre ambas as ideoloxías. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as do Liberalismo de comezos do século XIX. (Competencias clave CSC, CCEC, CCL).*

- *Establece as seme llanzas e as diferenzas entre as ideas da Ilustración e o Liberalismo de comezos do século XIX. (Competencias clave CSC, CCEC, CCL).*

e. *Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime de mostrando a idea de equilibrio europeo.*

- *Sitúa en mapas de Europa os países ou reinos en función dos conflitos en que inter-*

veñen. (Competencias clave CSC, CAA, CD).

f. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime e seleccionar as obras máis destacadas.

- Distingue e características da arte do Rococó. (Competencias clave CSC, CCEC, CCL, CAA).

g. Obter información que permita explicar as revolucións industriais do século XIX, seleccionándoa das fontes bibliográficas ou en liña nas que se ache dispoñible. Identifica as causas da primeira Revolución Industrial. (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

h. Describir as Revolucións Industriais do século XIX e establecer os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais. Explica razoadamente a evolución cara á segunda Revolución Industrial. (Competencias clave CSC, CCL, CAA). Analiza comparativa e esquematicamente as dúas revolucións industriais. (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

i. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizalos adecuadamente e establecer as rexións onde se produce ese avance. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais. (Competencias clave CSC, CCL, CD). Analiza aspectos que expliquen o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industrializados, a partir de fontes historiográficas. (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CMCCT). Debate en torno ao éxito ou o fracaso da industrialización en España e en Galicia. (Competencias clave CSC, CAA).

j. Identificar os cambios nos transportes, na agricultura e na poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX. Señala os cambios sociais máis relevantes do século XIX asociándoos ao proceso da Revolución Industrial. (Competencias clave CSC, CAA, CSIEE).

- Describe a partir dun plano a cidade industrial británica. (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

- Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha cidade industrial do século XIX (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CD).

- Comenta mapas que expliquen a evolución da extensión das redes de transporte: ferrocarril, estradas e canles. (Competencias clave CSC, CCL, CD).

k. Analizar e seleccionar ideas que identifiquen as características da economía industrial e do liberalismo económico.

- Explica as causas e consecuencias das crises económicas e as súas posibles solucións a partir de fontes históricas. (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

l. Coñecer as correntes de pensamento que pretenden mellorar a situación da clase obreira do século XIX. *Compara as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

- *Distingue e explica as características dos tipos de asociacionismo obreiro.* (Competencias clave CSC, CCL).

m. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX, distinguindo os feitos, os personaxes e os símbolos, e encadrándoos en cada variable analizada.

- *Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.* (Competencias clave CSC, CAA, CMCCT).

n. Describir as causas e o desenvolvemento da independencia de Estados Unidos, e establecer as causas máis inmediatas e as etapas da independencia. *Identifica xerarquías causais na guerra de independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

o. Explicar, a partir de información obtida en Internet, a Revolución Francesa de 1789, incluíndo cada idea obtida nas causas, no desenvolvemento e nas consecuencias. *Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.* (Competencias clave CSC, CCL, CD). *Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.* (Competencias clave CSC, CAA, CD).

p. Identificar o Imperio Napoleónico, localizar a súa expansión europea e establecer as súas consecuencias. *Identifica nun mapa do histórico a extensión do Imperio Napoleónico.* (Competencias clave CSC, CAA, CD).

q. Analizar a transcendencia para Europa do Congreso de Viena e a restauración do absolutismo, e identificar as súas consecuencias para os países implicados. *Analiza as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena, e relaciónaaas coas súas consecuencias.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

r. Identificar as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, e relacionar as súas

causas e o seu desenvolvemento. *Compara as causas e o desenvolvemento das revolucións de 1820, 1830 e 1848.*

(Competencias clave CSC, CCL).

s. Coñecer o proceso de Unificación de Italia e Alemaña, obtendo o seu desenvolvemento a partir da análise de fontes gráficas. *Describe e explica a unificación de Italia e a de Alemaña a partir de fontes gráficas.* (Competencias clave CSC, CCL, CD).

t. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de internet e presentándoa adecuadamente. *Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo a partir de fontes gráficas.* (Competencias clave CSC, CCEC, CCL, CAA).

u. Analizar utilizando fontes gráficas a independencia da América colonial americana e española. (Competencias clave CSC, CMCCT, CAA).

v. Describir as transformacións e os conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX, e distinguir o seu desenvolvemento e os factores do inicio do proceso. *Realiza un diagrama en que se expliquen as cadeas causais e os procesos dentro do período de finais do século XIX e comezos do XX.* (Competencias clave CSC, CAA).

w. Analizar a evolución política, social e económica dos principais países europeos, ademais de Xapón e os Estados Unidos a finais do século XIX, e presentar información que explique tales feitos.

- *Elabora un eixe cronolóxico con feitos que explican a evolución durante a segunda metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, o Imperio Austrohúngaro, Rusia, os Estados Unidos e Xapón.* (Competencias clave CSC, CMCCT, CAA).

- *Explica a partir de imaxes as características que permiten identificar a Inglaterra vitoriana.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CD).

- *Analiza textos relativos á época de Napoleón III en Francia.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

- *Identifica e explica razoadamente os feitos que converten Alemaña nunha potencia europea durante o mandato de Bismarck.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

x. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, e establecer as súas consecuencias. *Identifica e explica razoadamente as causas e as consecuencias da expansión colonial da segunda metade do século XIX.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

- *Localiza nun mapamundi as colonias das potencias imperialistas.* (Competencias clave CSC, CD, CAA).

- *Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.* (Competencias clave CAA, CSC, CCL).

2º trimestre

a. Comparar sinteticamente sistemas de alianzas do período da Paz Armada. *Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.* (Competencias clave CSC, CCL).

b. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da I Guerra Mundial, e desenvolver as súas etapas e as súas consecuencias.

a. *Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da I Guerra Mundial.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

b. *Comenta símbolos conmemorativos vinculados á I Guerra Mundial.* (Competencias clave CSC, CCL).

c. *Analiza e explica as etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CD).

d. *Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

c. Recoñecer as características do período de Entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos e sociais:

a. *Explica as características do período de Entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.* (Competencias clave CSC, CCL).

d. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas os seus protagonistas máis significativos e establecer as súas consecuencias.

a. *Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.* (Competencias clave CSC, CCL).

b. *Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

e. Identificar os tratados de paz da I Guerra Mundial e establecer como unha conse-

cuencia o xurdimento da Sociedade de Nacións.

a. *Explica os acordos dos tratados de paz da I Guerra Mundial e analiza as súas consecuencias a curto prazo.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

b. *Analiza o papel que xoga a Sociedade de Nacións nas relacións internacionais, a partir de fontes históricas.* (Competencias clave CSC, CCL).

f. Explicar a Gran Depresión e describir os factores desencadeadores e as súas influencias na vida cotia.

a. *Interpreta imaxes da Gran Depresión.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CD).

b. *Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.* (Competencias clave CSC, CCL, CMCCT).

g. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento. *Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.* (Competencias clave CSC, CCL). *Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.* (Competencias clave CSC).

h. Comprender as relacións internacionais no período de entreguerras como elementos importantes das causas da II Guerra Mundial.

a. *Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estourido da II Guerra Mundial.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

i. Identificar e explicar as desencadeadores da II Guerra Mundial, así como os feitos máis característicos.

a. *Identifica e explica as causas desencadeadores da II Guerra Mundial a partir de fontes históricas.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

j. Establecer as etapas do desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e a Xapón.

a. *Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.* a partir de mapas históricos. (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

b. *Analiza o desenvolvemento da II Guerra Mundial a partir de mapas his-*

tóricos. partir de mapas históricos.

k. Analizar o papel da guerra como elemento de transformación da vida cotiá.

a. *Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

l. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.

a. *Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.* (Competencias clave CSC, CAA, CD).

b. *Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

m. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa á posguerra.

a. *Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e nos asuntos de descolonización.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL).

3º trimestre

a. Describir os feitos económicos, políticos, sociais e culturais que explican o xurdimiento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente. *Localiza nun mapa os países que formaban os bloques comunista e capitalista.* (Competencias clave CSC, CD).

b. Interpretar a Guerra Fría, a coexistencia pacífica e a distensión, e establecer acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais. *Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.* (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CD).

c. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre os bloques comunista e capitalista, revisando as novas dos medios de comunicación da época. *Selecciona símbolos e imaxes que se identifiquen co mundo capitalista e o mundo comunista.* (Competencias clave CSC). *Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas e gráficas que expliquen a*

evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría, e sinala a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza. (Competencias clave CSC, CAA, CCL, CD, CMCCT).

d. Comparar e analizar o modelo capitalista co comunista desde os puntos de vista político, social, económico e cultural, e exemplificar coa selección de feitos que durante este período afectan as dúas grandes superpotencias: a URSS e os Estados Unidos. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas. (Competencias clave CSC, CCL, CMCCT). Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficas. (Competencias clave CSC, CCL, CMCCT). Establece razoadamente e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o comunista. (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista. (Competencias clave CSC, CCL).

e. Explicar os motivos e os feitos que conducen á descolonización, e establecer as causas e os factores que explican o proceso. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos. (Competencias clave CSC, CCL, CD).

f. Describir as etapas e as consecuencias do proceso descolonizador, e identificar as que afectan a algunhas colonias e a outras, establecendo feitos e personaxes significativos de cada proceso. Establece de xeito razoado as causas, os feitos e os factores que desencadean e explican o proceso descolonización. (Competencias clave CSC, CCL, CAA). Identifica e compara as características da descolonización de Asia e de África. (Competencias clave CSC, CCL).

g. Definir o papel da ONU na descolonización, analizando información que demostre as súas actuacións. Explica as actuacións da ONU no proceso descolonizador a partir de fontes históricas. (Competencias clave CSC, CCL).

h. Analizar o subdesenvolvemento do terceiro mundo e establecer as causas que o explican. Analiza as características dos países do terceiro mundo a partir de gráficas. (Competencias clave CSC, CCL, CMCCT). Localiza nun mapa os países do terceiro mundo. (Competencias clave CSC, CD). Analiza textos e imaxes do Movemento de Países Non Aliñados e dos países subdesenvolvidos. (Comp. clave CSC, CCL). Apreciar o

nacemento da axuda internacional e o xurdimento das relacións entre

os países desenvolvidos e subdesenvolvidos, reproducindo as formas de axuda ao desenvolvemento e describindo as formas de neocolonialismo dentro da política de bloques. *Explica a evolución das relacións entre os países desenvolvidos e os países en vías de desenvolvemento, comparando a axuda internacional coa intervención neocolonialista.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

j. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica. *Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os países formados tras a caída do muro de Berlín.* (Competencias clave CSC, CD). *Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, a formación da CEI e o xurdimento das repúblicas ex soviéticas.* (Competencias clave CSC, CMCCT). *Compara os países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade, utilizando mapas de situación* (Competencias clave CSC, CCL, CD, CAA).

k. Resumir as políticas de M. Gorbachov nomeando as disposicións concernentes á Perestroika e á Glasnost, e resaltar as súas influencias. *Describe os trazos políticos e socioeconómicos da URSS desde a época de Breznev ata a de Gorbachov.* (Competencias clave CSC, CCL).

l. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas ex soviéticas, recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas. *Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas ex soviéticas e a CEI- Federación Rusa.* (Competencias clave CSC, CAA, CMCCT).

m. Explicar a caída do muro de Berlín e nomear as súas repercusións nos países de Europa central e oriental. *Analiza imaxes que reflicten a caída do muro de Berlín.* (Competencias clave CSC, CCL).

Explica as novas relacións das repúblicas ex soviéticas con Europa occidental. (Competencias clave CSC, CCL). *Realiza unha procura guiada en internet para explicar de maneira razoada a disolución do bloque comunista.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

n. Identificar o problema dos Balcáns, enumerar as causas do vamente a evolución política dos xurdimento de tal situación e resumir os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona. *Describe comparativamente a evolución política dos paí-*

ses de Europa central e oriental tras a caída do muro de Berlín. (Competencias clave CSC, CCL). Describe e analiza as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da guerra dos Balcáns, nomeadamente en Iugoslavia. (Competencias clave CSC, CCL).

ñ. Distinguir os postulados que defende a cultura capitalista da segunda metade do século XX establecendo as liñas de pensamento e os logros obtidos. Enumera as liñas de pensamento económico do mundo capitalista na segunda metade do século XX. (Competencias clave CSC, CCL). Explica o modelo capitalista dun país elaborando información a partir dunha procura guiada en Internet. (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

o. Describir o Estado do benestar, aludindo ás características significativas que nflúen na vida cotia.

Identifica razoadamente as características e símbolos do Estado do benestar. (Competencias clave CSC, CCL).

p. Explicar o proceso de construción da Unión Europea enumerando os fitos máis destacados que configuran a súa evolución. Elabora eixes cronolóxicos sobre o proceso de construción da Unión Europea. (Competencias clave CSC, CMCCT).

q. Coñecer os obxectivos da Unión Europea en relación coas institucións que compoñen a súa estrutura. Relaciona razoadamente as institucións da Unión Europea cos obxectivos que esta persecue. (Competencias clave CSC, CCL).

r. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90 do século XX, sintetizando os aspectos que explican a transformación da sociedade norteamericana e que constitúen elementos orixinarios do Estado do benestar. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 aos 90. (Competencias clave CSC, CMCCT). Selecciona e presenta mediante mapas ou redes conceptuais información referida aos Estados Unidos entre 1960 e 2000. (Competencias clave CSC, CD, CAA).

s. Identificar as singularidades do capitalismo de Xapón e os novos países industriais asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural. Establece razoadamente as características e os símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo de Xapón e a área do Pacífico. (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

t. Analizar as características da globalización e describir influencia dos medios de comunicación neste fenómeno, así como o impacto dos medios científicos e tecnolóxicos na sociedade actual. *Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e á obxectividade do fluxo de información existente en internet e noutros medios dixitais.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA, CD). *Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización*

a partir de fontes históricas. (Competencias clave CSC, CCL, CSIEE, CD). *Extrae conclusións de imaxes e material videográfico relacionados co mundo actual.* (Competencias clave CSC, CCL, CD).

u. Describir os efectos da ameaza terrorista (yihadismo, etc.) sobre a vida cotiá, e explicar as súas características. *Realiza unha procura guiada en internet sobre a ameaza terrorista, organizacións que a sustentan, actos máis relevantes (11-S de Nova York, 11-M de Madrid 7-X de Londres, etc.), os seus símbolos e as repercusións na sociedade (cidadanía ameazada, asociacións de vítimas, mediación en conflitos, etc.), e analiza e comunica a información máis relevante.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA, CD).

v. Resumir os retos da Unión Europea no mundo actual, identificando os seus problemas para amosarse como zona xeopolítica unida fronte a outras áreas. *Identifica os retos actuais da Unión Europea a partir de novas xornalísticas seleccionadas.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA,). *Explica comparati vamente os desaxustes da Unión Europea na relación con outros países ou áreas xeopolíticas.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA,).

w. Enumerar os trazos salientables da sociedade norteamericana a comezos do século XXI identificando a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país. *Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana, agrupados en política, sociedade, economía e cultura.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA, CD).

y. Analizar a evolución política, económica, socia e cultural de Hispanoamérica. *Describe os principais movementos políticos, económicos, sociais e culturais da Hispa-*

noamérica actual. (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

z. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade, os trazos resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais. *Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico, e localiza nun mapa os países que o forman na actualidade.*

(Competencias clave CSC, CCL, CAA, CD).

aa. Distinguir a evolución dos países de África relacionando as súas zonas xeoestratéxicas. *Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

bb. Resumir a evolución de China e a India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos, económicos, sociais e de mentalidades. *Compara aspectos políticos, relixiosos e económicos, sociais de China e a India.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

- *Compara aspectos políticos, relixiosos e económicos, sociais entre países emerxentes de Asia e África.* (Competencias clave CSC, CCL, CAA).

Criterios de avaliación mínimos e estándares de aprendizaxe avaliábeis mínimos.

Antigo Réxime

1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.
2. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.
3. Enumera as transformacións do Antigo Réxime que afectan á economía, poboación e sociedade.
4. Compara os trazos do Antigo Réxime antes do século XVIII cos trazos do Antigo Réxime do século XVIII.
5. Describe as características do parlamentarismo inglés.

6. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.
7. Enumera as ideas da Ilustración e as ideas do Liberalismo de comezos do século XIX.
8. Confecciona un cadro de relación que explica as semellanzas entre as ideas ilustradas e o Liberalismo de comezos do século XIX.
9. Distingue nun mapa os países ou reinos que entran en conflito até finais do século XVIII.
10. Reproduce os obxectivos das relacións internacionais do Antigo Réxime do século das luces.
11. Distingue obras de arte do Rococó.
12. Confecciona mapas conceptuais que explican os trazos do Antigo Réxime.

Revolución industrial

1. Identifica as causas da Primeira Revolución Industrial.
2. Resume o desenvolvemento da II Revolución Industrial.
3. Deseña un cadro comparativo que explican as dúas Revolucións Industriais.
4. Resume os cambios sociais debidos á Revolución Industrial.
5. Describe mediante un plano a cidade industrial británica.
6. Identifica en imaxes os elementos propios da vida nunha fábrica do século XIX.
7. Localiza nun mapa os países industriais e as súas rexións industriais.
8. Diferenza mediante cadros comparativos as correntes de pensamento social da época da Revolución Industrial: socialismo utópico, socialismo científico e anarquismo
9. Distingue os tipos de asociacionismo obreiro. Comenta gráficas que explican o desenvolvemento económico do sector industrial dos primeiros países industriais.
10. Comenta mapas que explican a extensión do ferrocarril, as estradas e outras comunicacións.

Crise do antigo réxime e o xurdimento dos estados liberarais.

1. Realiza eixos cronolóxicos sobre a Independencia de Estados Unidos.
2. Identifica personaxes destacados e feitos significativos (batallas, territorios afectados, contendentes) na guerra de independencia de Estados Unidos.
3. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.
4. Realiza un cadro que explica o desenvolvemento da Revolución Francesa.
5. Comenta nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.

6. Coñece as ideas defendidas e as conclusións do Congreso de Viena.
7. Compara as revolucións de 1820, 1830 e 1848.
- 8 O nacionalismo como corrente derivada do romanticismo alemán. Volgeist, teoría orgánico- historicista
9. Explica un mapa da Unificación de Italia.
10. Describe cun mapa a Unificación de Alemaña.
11. Comenta imaxes de pintura, escultura e arquitectura do Neoclasicismo e o Romanticismo.
12. Realiza un friso cronolóxico que sirva para explicar a Independencia das colonias Hispanoamericanas ao comezo do século XIX

Imperialismo e primeira guerra mundial

1. Localiza nun mapa os principais estados europeos, Estados Unidos e Xapón.
2. Realiza un eixo cronolóxico con feitos que explican da evolución durante a Segunda Metade do século XIX de Inglaterra, Francia, Alemaña, Imperio Austrohúngaro, Rusia. Estados Unidos e Xapón.
3. Comenta imaxes polas que se pode identificar a Inglaterra Victoriana.
4. Analiza textos que explican a época de Napoleón III en Francia.
5. Identifica os feitos que converten a Alemaña durante o mandato de Bismarck nunha potencia Europea.
6. Descubre nun mapa os pobos que compuñan o Imperio AutroHúngaro e Ruso.
7. Identifica símbolos da Guerra Civil de Estados Unidos.
8. Comenta textos que explican a revolución Meixii en Xapón.
9. Identifica as causas e as consecuencias da expansión colonial da Segunda Metade do século XIX.
10. Localiza nun mapamundi as distintas colonias das potencias coloniais.
11. Coñece as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.
12. Identifica as causas da I Guerra Mundial.
13. Comenta símbolos que explican o desenvolvemento da I Guerra Mundial.
14. Analiza mapas históricos que exemplifican as distintas etapas da Gran Guerra.
15. Extrae conclusións de gráficos e imaxes sobre as consecuencias da I Guerra Mundial

Período de entreguerras, revolución rusa, totalitarismos e II Guerra Mundial

1. Comenta manifestacións artísticas da arte de comezos do século XX.
2. Identifica causas da revolución rusa de 1917.

3. Compara a Revolución Rusa de Febreiro de 1917 coa de Outubro de 1917.
4. Resume os Tratados de Paz da I Guerra Mundial
5. Distingue o papel da Sociedade de Nacións en textos propostos da época.
6. Analiza o papel que xoga nas relacións internacionais a Sociedade de Nacións.
7. Interpreta imaxes da Gran Depresión.
8. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.
9. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.
10. Distingue símbolos dos fascismos europeos da Primeira metade do século XX.
11. Comenta textos que explican as relacións internacionais anteriores ao estalido da II Guerra Mundial.
12. Resume causas desencadeamentos da II Guerra Mundial.
13. Explica as etapas da II Guerra Mundial tanto na fronte europea como na guerra do Pacífico.
14. Comenta mapas que analizan o desenvolvemento da II Guerra Mundial.
15. Describe as consecuencias da II Guerra Mundial.
16. Analiza imaxes que explican o xenocidio xudeu levado a cabo pola Alemaña Nazi.
17. Realiza esquemas que explican as institucións da ONU.
18. Sintetiza textos que explican a intervención da ONU nas relacións internacionais e asuntos de descolonización.

Guerra Fría e descolonización

1. Identifica nun mapa os conflitos da Guerra Fría.
2. Realiza un eixo cronolóxico onde sitúa os feitos máis significativos relativos á Guerra Fría, a Coexistencia Pacífica e a Distensión.
3. Selecciona símbolos e imaxes que se identifican co mundo capitalista e comunista.
4. Comenta gráficas que establecen as características da economía capitalista.
5. Extrae conclusións de gráficas que explican a economía comunista.
6. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.
7. Realiza nun cadro comparativo onde explique as diferenzas do mundo capitalista como en mundo comunista.
8. Identifica nun mapa a situación de USA e URSS, localizando o seu capital, principais cidades, e centros económicos e unidades de relevo, ríos, mares e océanos.
9. Identifica símbolos e imaxes que teñen como referencia a Estados Unidos e a Unión Soviética.

10. Realiza presentación de textos, imaxes, mapas, gráficas que explican calquera dos bloques.
11. Extrae conclusións dos textos, imaxes, mapas, gráficas que explican a evolución de ambos os bloques enfrontados na Guerra Fría sinalando a que bloque pertence e algúns motivos que explican esa pertenza.
12. Localiza nun mapa as zonas afectadas pola descolonización e os seus conflitos.
13. Reproduce as causas e factores que explican o proceso descolonizador.
14. Confecciona esquemas ou mapas conceptuais que sintetizan as institucións da ONU e a súa función.
15. Compón cadros de relación que serven para identificar as características da descolonización de Asia e África.
16. Comenta textos que explican actuacións da ONU no proceso descolonizador.
17. Localiza nun mapa os Países do Terceiro Mundo.
18. Comenta gráficas que explican as características dos países do Terceiro Mundo.
19. Identifica imaxes dos países en vías de desenvolvemento.
20. Analiza textos do Movemento de Países Non Aliñados.
21. Establece cadros comparativos relativos ás formas políticas, económicas e sociais entre os países desenvolvidos, países comunistas e países do Terceiro Mundo.

Procedementos de avaliación

Para avaliar ao alumnado faranse probas escritas e traballos do alumnado. En canto ás probas escritas ou exames, serán mínimo dúas por trimestre. Os traballos serán propostos de acordo co temario a impartir. O peso das probas escritas será dun 90% da nota final, a realización dos traballos e exercicios propostos terá un peso dun 15%. Dentro do porcentaxe do 15%, un tercio corresponderá á participación do alumnado no proceso de ensinanza e aprendizaxe de aula.

Procedementos para realizar unha avaliación inicial

Os alumnos realizarán nas primeiras xornadas do curso académico actividades de reforzo e repaso dos contidos vistos en 4ºESO necesarios para coñecer á diversidade do alumnado, o nivel do que partimos.

Instrumentos de avaliación.

Probas escritas teórico-prácticas (máximo 9 puntos)

 **2 probas escritas teórico-prácticas por trimestre** na que deberá demostrar o

nivel de coñecementos adquirido durante o mesmo.

📖 **Unha proba de recuperación por trimestre.** Realizaranse ó comenzo do trimestre inmediatamente posterior no que o alumno irá con toda a materia do trimestre.

📖 **Unha única proba final de recuperación en maio** da avaliación ou avaliacións non superadas.

📖 **Unha proba da totalidade da materia en setembro**, sexan as que sexan as avaliacións suspensas ó longo do curso.

Outros (máximo 1 punto)

- A utilización correcta do vocabulario.
- A realización de traballos (comentarios) que se lle encomenden ó longo do trimestre e a axeitada presentación (+/- 0,25)
- A participación e interese pola materia, a responsabilidade, comportamento.

Criterios de cualificación.

🕒 9 puntos máximo (trimestre) nas probas escritas.

🕒 Máximo de 1 punto, a + ou - na nota do exame (apartado outros).

Plan de traballo para o seguimento de materias pendentes.

Non se contempla ao non ter horario o profesorado asignado a tal fin. O Xefe de Departamento fará un seguimento e prestará axuda cando o alumando o precise.

Reforzos

Ao ser ensino non obrigatorio, calquera actividade de reforzo se centrará fundamentalmente na atención individualizada do alumnado na aula.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA ACTIVIDADE LECTIVA TELEMÁTICAS

Para anticiparse a unha hipotética suspensión das clases presenciais o **alumnado recibirá a principio de curso o conxunto de materiais docentes da materia** (apuntes, resumos, esquemas, etc). De modo que con esta medida poderá dispor de todos os contidos para resolver calquer modelo de exame (entrégaselle ao alumnado as definicións de todo o curso, as preguntas curtas a desenvolver de cada un dos bloques temáticos.

O seguimento e clases da materia levaranse a cabo por webex (principalmente) e pola aula virtual. A materia de historia do mundo contemporáneo require unha explicación detallada dos contidos temáticos que lle permitan desenvolver as preguntas teóricas e os comentarios relacionados coa materia, de modo que continuárase co horario da clase presencial (**luns de 11:30 a 12:20, martes de 11:30 a 12:20, mércores de 8:30 a 9:20 e venres de 13:10 a 14:00**) pola **plataforma webex**. Durante estas sesións explicaranse todos os temas de acordo coa estrutura establecida para o curso. Ademais proporase ao alumnado, se o desexa, a implementación de unha hora adicional quincenal para resolver dúbidas sobre os procedementos de avaliación (comentarios ou resolver dúbidas ou pro-

fundizar en aspectos da materia non comprendidos suficientemente). A **aula virtual** será utilizada únicamente para catro fins (cun peso das actividades propostas dun 20 % da **nota**):

- Poñer a disposición do alumnado comentarios da materia segundo o modelo da abau.
- Realización de cuestionarios de autoavaliación para que o alumnado comprobe os seus progresos na materia.
- Realización de test de avaliación dos diferentes bloques temáticos.
- Creación dun foro por tema para resolver dúbidas

Os exames da materia no formato telemático faranse por webex e a entrega de materiais, se fora necesaria, por correo electrónico da consellería.

Avaliación e cualificación final das actividades telemáticas

Instrumentos:

- *Prácticos dos diferentes bloques temáticos.*
- *Traballos propostos para diferentes bloques temáticos que serán presentados polo alumnado a través da plataforma webex.*
- *Un exame telemático dos contidos impartidos.*
- *Catro sesións de clases semanais por videoconferencia pola plataforma webex.*
- *Tests de avaliación/autoavaliación por bloques temáticos que se colgarán na aula virtual.*
-

Cualificación da materia (porcentaxes)

- ***Comentarios entregados (mínimo de tres por trimestre mediante aula virtual/correo electrónico) 10 % da nota.***
- ***Traballos propostos para presentar pola aplicación webex (serán grabados con autorización dos titores legais) cun porcentaxe na nota dun 15% da nota.***
- ***Asistencia ás clases (ata 4 semanais) por videoconferencia, a puntuación será a máxima en caso de participar no 100% das sesións (25% da nota). A asistencia ás sesións webex permitirá ao alumnado adquirir destrezas e coñecementos para realizar con éxito comentarios de textos, de ahí o peso na nota. Esta asistencia a clases é imprescindible***

para que o alumnado poda explicar e desenvolver ben a materia.

Dous exames telemáticos por webex de contidos impartidos no trimestre (peso dun 50% da nota)

Medios utilizados para a comunicación telemática co alumnado:

- **Webex** como plataforma para dar as clases telemáticas e para impartir docencia no momento no que se produza un abrocho e parte do alumnado non poda asistir ás clases presenciais. De modo que o alumnado poderá seguir dende o seu domicilio as clases (sempre que o seu estado de saúde o permita).
- **Correo electrónico** medio a través do cal se lle enviará ao alumnado apuntes complementarios (xa que dispoñen dos apuntes da materia dende o principio do curso). Medio de recollida de comentarios propostos ou ben na aula virtual ou polo propio correo.
- **Aula virtual** na que se pendurarán procesos prácticos de avaliación (comentarios, prácticos, etc). Tamén o alumnado poderá realizar test de autoavaliación para coñecer a súa evolución na materia.
- **Zoom** como plataforma soporte en caso de que o webex non se poda usar ou presente problemas de índole técnica.

6. Metodoloxía didáctica.

Seguirase unha metodoloxía dinámica (combinando ao longo das clases a [exposición de contidos coas actividades prácticas, comentarios de texto, gráficos, mapas, visionado de películas, documentais,...](#)) baseada fundamentalmente en análises críticas empregando a [linguaxe propia da materia, e utilizando as fontes dispoñibles ao seu alcance \(mapas, documentos históricos, gráficas, vídeos, prensa enxeral , Tv-, novas tecnoloxías, libros de lectura...\)](#). Traballo en grupos ou individuais, como algo fundamental e habitual nesta materia, debates ou postas en común sobre películas, documentais, análise de situacións de conflito, da linguaxe discriminatoria (sexista, racial,...) que se emprega habitualmente na vida cotiá, etc..

Para elo, o profesor deberá facilitar ao alumnado o seguinte material didáctico: [manuais e libros de consulta, textos, mapas, gráficas, esquemas de estudos, prensa escrita que os alumnos ordenarán nun caderno de traballo. Tamén se utilizarán os medios audiovisuais dispoñibles no departamento \(libros de lectura, películas e documentais de contido histórico\), intentando ampliar este material ó longo do curso.](#)

Materiais e recursos didácticos.

Para impartir esta materia preferiuse seguir un libro de texto, para intentar así cubrir na

súa totalidade as unidades didácticas: **Historia do Mundo Contemporáneo, Editorial Vicens Vives**. O alumnado terá tamén apuntes elaborados polo profesor para profundizar nos diferentes bloques temáticos.

7. Atención á diversidade.

Centrada nunha atención individualizada sempre que o alumno o requira. Transversalidade.

Polas características dos contidos impartidos en 1º Bacharelato prestaráselle especial atención aos contidos de Educación para a Paz (Iª e IIª Guerra Mundial), Educación Moral e Cívica (Revolucións Liberais do S XIX e do XX, globalización), Igualdade ante os sexos (Prespectivas do mundo actual). Contidos que se abordarán con maior profundidade nos temas arriba mencionados e en xeral ao longo do curso.

9. Accións de contribución ao proxecto lector.

Non se contemplan medidas específicas, sí recomendacións de lectura.

10. Accións de contribución ao plan TIC.

Serán fundamentais na explicación cotiá da aula (ordenador, presentacións de páxinas web,...) e tamén para a realización de estudos/traballos por parte do alumnado.

12. Procedemento para avaliar a propia programación.

A través da actividade cotiá do profesor/a, este/a valorará a axeitada da temporalización recollida nesta programación que deberá aparecer no seu libro do profesorado e posteriormente na correspondente acta de departamento (tanto ao longo do curso como na acta de xuño).

14. Actividades complementarias e extraescolares.

Non están contempladas actividades extraescolares para este curso 2021-2022 debido á situación derivada da covid.